

# IV

## Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA

NECROLÓXICAS





# A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2004)

## Directiva da Real Academia Galega

Desde o 20 de decembro de 2001, a Executiva da RAG está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
- Secretario: D. Manuel González González.
- Vicesecretario: D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
- Arquivoiro-Bibliotecario: D. Antonio Gil Merino.
- Tesoureiro: D. Andrés Fernández-Albalat e Lois.

## Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández del Riego. Ingreso: 26 de novembro de 1960.
2. Excmo. Sr. D. Antonio Meijide Pardo. Ingreso: 25 de maio de 1963.  
(Faleceu o 25 de xuño de 2004).
3. Excmo. Sr. D. Antonio Gil Merino. Ingreso: 13 de decembro de 1975.
4. Excmo. Sr. D. Xulio Francisco Ogando Vázquez. Ingreso: 18 de abril de 1980.
5. Excmo. Sr. D. Miguel Anxo Araúxo Iglesias. Ingreso: 27 de maio de 1980.
6. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
7. Excmo. Sr. D. Constantino García González. Ingreso: 12 de marzo de 1982.
8. Excmo. Sr. D. Francisco Xabier Río Barxa. Ingreso: 25 de xuño de 1983.
9. Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Olga Gallego Domínguez. Ingreso: 15 de novembro de 1986.
10. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
11. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Ingreso: 25 de novembro de 1992.
12. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
13. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
14. Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
15. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
17. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
18. Excmo. Sr. D. Xaime Illa Couto. Ingreso: 29 de xaneiro de 1999.
19. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
20. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
21. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
22. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Méndez Ferrín. Ingreso: 30 de setembro de 2000.
23. Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Neira Vilas. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
25. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
26. Excmo. Sr. D. Camilo González Suárez-Llanos. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
27. Excmo. Sr. D. Manuel María Fernández Teixeira. Ingreso: 15 de febreiro de 2003.  
(Faleceu o 8 de setembro de 2004).
28. Excma. Sra. D.<sup>a</sup> Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
29. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
30. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.

## Relación dos actuais académicos correspondentes

1. Ilmo. Sr. D. Francisco Mayán Fernández. Ingreso: 16 de xaneiro de 1944.
2. Ilmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
3. Ilmo. Sr. D. Benito Varela Jácome. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
4. Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Pura Vázquez Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
5. Ilmo. Sr. D. Carlos Pereira Amil. Ingreso: 4 de maio de 1952.
6. Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Aurora Vidal Martínez. Ingreso: 4 de maio de 1952.
7. Ilmo. Sr. D. Manuel Lucas Álvarez. Ingreso: 4 de marzo de 1955.

8. Ilmo. Sr. D. Baldomero Cores Trasmonte. Ingreso: 5 de xuño de 1958.
9. Ilmo. Sr. D. Luís Santiago Sanz. Ingreso: 1 de marzo de 1960.
10. Ilmo. Sr. D. Antonio Iglesias Álvarez. Ingreso: 23 de abril de 1961.
11. Ilmo. Sr. D. Emilio Merino Losada. Ingreso: 17 de xuño de 1964.  
(Faleceu o 30 de outubro de 2004).
12. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
13. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
14. Ilmo. Sr. D. Alejandro Campos Ramírez, “Alejandro Finisterre”.  
Ingreso: 17 de decembro de 1967.
15. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
16. Ilmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 26 de xaneiro de 1969.
17. Ilmo. Sr. D. Francisco Guitián Ojea. Ingreso: 19 de abril de 1970.
18. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
19. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
20. Ilmo. Sr. D. Manuel Cecilio Díaz Díaz. Ingreso: 17 de decembro de 1972.
21. Ilmo. Sr. D. Fernando Acuña Castroviejo. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
22. Ilmo. Sr. D. Agustín Sixto Seco. Ingreso: 29 de xullo de 1979.  
(Faleceu o 30 de decembro de 2004).
23. Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Eva Lloréns Rodríguez. Ingreso: 19 de xullo de 1981.  
(Faleceu o 5 de setembro de 2004).
24. Ilmo. Sr. D. Manuel Remuñán Ferro. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
25. Ilmo. Sr. D. Teodoro Sandomingo García. Ingreso: 11 de decembro de 1983.
26. Ilmo. Sr. D. Ramiro Fonte Crespo. Ingreso: 17 de xuño de 1995.
27. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
28. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
29. Ilmo. Sr. D. David Mackenzie. Ingreso: 17 de novembro de 2001.
30. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
31. Ilmo. Sr. D. Santiago Daviña Sáinz. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
32. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
33. Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
34. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
35. Ilmo. Sr. D. Ramón Lugrís Pérez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
36. Ilmo. Sr. D. Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
37. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
38. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
39. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
40. Ilmo. Sr. D. Xoán Baborro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
41. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
42. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
43. Ilmo. Sr. D. Benigno Fausto Galdo Fernández. Ingreso: 12 de xullo de 2003.
44. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
45. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
46. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
47. Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> María Dolores Sánchez Palomino. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
48. Ilmo. Sr. D. Marcos Valcárcel López. Ingreso: 19 de xuño de 2004.
49. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
50. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
51. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
52. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
53. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
54. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
55. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.

#### Relación dos actuais académicos de honra:

1. Excmo. Sr. D. Antonio Tovar Bobillo. Ingreso: 15 de marzo de 1997.  
(Faleceu o 16 de xuño de 2004).
2. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.

## CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2004)

### XUNTAS CELEBRADAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria nas seguintes datas:

- Xunta ordinaria: 7 de febreiro de 2004
- Xunta extraordinaria: 27 de febreiro de 2004 (ingreso do Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes)
- Xunta ordinaria: 27 de marzo de 2004
- Xunta extraordinaria: 17 de maio de 2004 (Día das Letras Galegas)
- Xunta extraordinaria: 22 de maio de 2004 (ingreso do Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani)
- Xunta ordinaria: 19 de xuño de 2004
- Xunta ordinaria: 9 de outubro de 2004
- Xunta extraordinaria: 30 de outubro de 2004 (ingreso do Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo)
- Xunta ordinaria: 18 de decembro de 2004

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

- Xunta de goberno: 22 de xaneiro de 2004
- Xunta de goberno: 3 de marzo de 2004
- Xunta de goberno: 19 de abril de 2004
- Xunta de goberno: 26 de maio de 2004
- Xunta de goberno: 4 de xuño de 2004
- Xunta de goberno: 9 de xuño de 2004
- Xunta de goberno: 9 de setembro de 2004
- Xunta de goberno: 29 de setembro de 2004
- Xunta de goberno: 6 de outubro de 2004
- Xunta de goberno: 20 de outubro de 2004
- Xunta de goberno: 9 de decembro de 2004

### INGRESO DE ACADÉMICOS

#### De honra

- Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani  
Data de ingreso: 22 de maio de 2004  
Título do discurso: *Unha Provenza hispánica: a Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular*  
Resposta do Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez

#### Numerarios

- Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes  
En substitución do Excmo. Sr. D. Carlos Casares Mourriño

Data de ingreso: 27 de febreiro de 2004

Título do discurso: *Desafíos para un novo século. Entre a Trabe de Ouro e a Paxariña de Armenteira.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández

— Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo

En substitución do Excmo. Sr. D. Domingo García-Sabell Rivas

Data de ingreso: 30 de outubro de 2004

Título do discurso: *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero

### Correspondentes

— Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti

Ingreso: 7 de febreiro de 2004

— Ilma. Sra. Dna. María Dolores Sánchez Palomino

Ingreso: 27 de marzo de 2004

— Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro

Ingreso: 27 de marzo de 2004

— Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira

Ingreso: 27 de marzo de 2004

— Ilmo. Sr. D. Ernesto González Seoane

Ingreso: 27 de marzo de 2004

— Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo

Ingreso: 27 de marzo de 2004

— Ilmo. Sr. D. Marcos Valcárcel

Ingreso: 19 de xuño de 2004

— Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle

Ingreso: 9 de outubro de 2004

— Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián

Ingreso: 9 de outubro de 2004

— Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar

Ingreso: 9 de outubro de 2004

— Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández

Ingreso: 9 de outubro de 2004

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2004

Foi dedicado á personalidade do etnógrafo e arqueólogo Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”. Os actos conmemorativos do Día das Letras Galegas transcorreron na vila natal do homenaxeado, en Ourense.

A sesión académica extraordinaria e pública tivo lugar o 17 de maio no paraninfo do Instituto de Ensino secundario Ramón Otero Pedrayo, coas intervencións dos académicos:

- Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo
- Excmo. Sr. D. Manuel González González
- Excmo. Sr. D. Xulio Francisco Ogando Vázquez
- Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega, D. Xosé Ramón Barreiro Fernández

## SECCIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA

**I. Sección de Lingua:** componse dos seguintes seminarios:

- **Seminario de Lexicografía** creado en 1983.  
Director: D. Manuel González González.  
Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

1. Finalizáronse os traballos do *Diccionario castelán-galego da Real Academia Galega*, baixo a dirección de Constantino García e Manuel González. Este diccionario foi entregado xa para a imprenta, e será publicado de maneira inmediata pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
2. Continuáronse os traballos para a nova edición do Diccionario da Real Academia Galega:
  - a) Procedeuse á actualización ortográfica, de acordo coas novas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, do texto do diccionario redactado con anterioridade á aprobación das Novas Normas.
  - b) Incrementouse en 7000 o número de entradas, seguindo a orde alfabética, de acordo cos lemas establecidos para esta nova edición. Neste momento está realizada a primeira redacción dunha parte importante do diccionario: están pendentes de elaboración a maior parte das entradas das letras A, B e C.
  - c) Reestruturouse a microestrutura dun amplísimo número de entradas redistribuíndo as súas acepcións.
  - d) Incrementouse dunha maneira significativa o número de novas acepcións nos artigos que figuraban xa na edición anterior, para lograr un equilibrio desexable entre extensión do léxico e profundidade no seu tratamento.
  - e) Actualizouse, en función das novas entradas, a indicación de sinónimos, antónimos e formas relacionadas entre si dentro do corpo do diccionario.
- **Seminario de Sociolingüística** creado en 1990.  
Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

Durante o ano 2004 o Seminario de sociolingüística da RAG estivo traballando en dous grandes proxectos de investigación:

1. *Avaliación da competencia lingüística ao final do ensino obrigatorio na Comunidade Autónoma de Galicia*, dentro do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (prox. PGIDT02EDU20401PR), que ten como obxectivo facer unha avaliación do nivel de coñecemento das linguas galega e castelá dos alumnos de Galicia ao finalizaren os estudos de ESO. No ano 2004 realizáronse todas as enquisas e traballo de campo, levouse a cabo un estudo piloto sobre a comarca de Santiago, e comezouse a redacción do informe global referido a toda Galicia.
2. *Actualización do Mapa sociolingüístico de Galicia*, realizado mediante un convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Realizáronse preto de 10.000 enquisas cun novo cuestionario realizado a partir do redactado para a elaboración do Mapa sociolingüístico de Galicia, debidamente depurado e completado. Estes datos non só permiten coñecer a vitalidade da lingua galega na actualidade, senón tamén ver a evolución con respecto á situación de hai once anos.  
Aínda que corresponden a números do ano 2003, durante este ano apareceron os artigos:
  - Fernández Salgado; X. Loredó Gutiérrez; H. Casares Berg; I. Suárez Fernández; M. Rodríguez Neira; e M. González González: “Revisión das actitudes lingüísticas da mocidade galega: Resultados dunha achega indirecta e cualitativa”, *Cadernos de lingua*, 25, 63-74.
  - Hakan Casares Berg [et al.]: “Actitudes lingüísticas en Galicia”, *Grial*, núm. 160 (2003; p. 52-59).
3. Realizouse unha presentación do libro *O galego segundo a mocidade*, publicado polo Seminario de sociolingüística da RAG, no ciclo de debates abertos “Lingua e Linguas” organizado pola Fundación Carlos Casares, os días 23 e 24 de outubro de 2004.

- **Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega (TERMI-GAL)**, creado en 1996.

Director: D. Manuel González González.

Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Traballos desenvolto:

As principais actividades desenvoltas no ano 2004 son as seguintes:

1. No ámbito da terminoloxía de campo, estívoe traballando na elaboración de terminoloxía sistemática dos seguintes eidos:
  - Márketing.
  - Música
  - Informática e internet
  - Administración



- Téxtil
  - Música
  - Audiovisual: TV
2. Finalizouse o vocabulario da Televisión, que está listo para a súa publicación, realizado por Edith Pazó.
  3. Realizouse un pequeno vocabulario de deportes para o Concello de Santiago, como unha das iniciativas do seu Plan de Normalización Lingüística.
  4. Apareceu publicado en Internet o *Vocabulario plurilingüe do Comercio electrónico*, elaborado dentro da Rede Realiter, e coordinado polo Bureau de la Traduction do Quebec. A parte galega foi realizada por Termigal.
  5. Publicouse en Internet o *Léxico de transporte turístico*, realizado dentro da Rede Limiter. Termigal realizou a parte galega.
  6. Realizouse a localización ao galego dun número amplo de termos informáticos da empresa Microsoft, que foron utilizados para as versións en galego de Windows e de Office. Así mesmo realizouse a avaliación e corrección polo miúdo destes dous produtos de Microsoft, seguindo os criterios establecidos por esta empresa.
  7. Levouse a cabo a corrección do *Diccionario visual da construción* publicado polo Colexio de Arquitectos de Lugo.
  8. Elaborouse a proposta de termos galegos para a escala Douglas, sobre os distintos estados do mar.
  9. Está pendente do informe e corrección dos especialistas en dereito o *Vocabulario galego de relacións laborais*, realizado en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais.
  10. Realizouse un volume considerable de traducións, especialmente para empresas que forman parte da Fundación Galicia-Empresa, e para Tour Galicia.
  11. Atendeuse un amplo número de consultas de terminoloxía puntual, tarefa que cada día ocupa unha dedicación maior do Servizo de Terminoloxía.
  12. Participación en Congresos e en Reunións científicas:
    - González González, Manuel: “A terminoloxía dentro dos estudos de lexicografía galega”, *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica, Asociación Española de Estudios Lexicográficos (AELex)*, Universidade da Coruña, A Coruña, 17 de setembro de 2004.
    - González González, Manuel: “Recursos, metodoloxías e tecnoloxías para o desenvolvemento e sustentabilidade das linguas minoritarias e minorizadas”, Mesa redonda, *IX Simposio Iberoamericano de Terminoloxía. La terminoloxía en el siglo XXI: contribución a la cultura de la paz, la diversidad y la sustentabilidad*. Barcelona, 2 de decembro de 2004.
    - González González, Manuel: “A integración de palabras importadas do portugués europeo”, *XX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, Fundação Gulbenkian, Lisboa, 14 de outubro de 2004.
    - Alvariño Alvariño, P.; Martínez Calvo, L.; Sánchez Sampedro, B.: “Análise das características da linguaxe técnica en lingua galega nun corpus concreto” *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica, Asociación Española de Estudios Lexicográficos (AELex)*, Universidade da Coruña, A Coruña, 14 a 18 de setembro de 2004.

- Alvariño Alvariño, P.; Martínez Calvo, L; Sánchez Sampedro, B.: “El tratamiento de los préstamos en tres vocabularios terminológicos en gallego”, *III Congreso Internacional AELFE: Las nuevas tendencias de las lenguas de especialidad en un contexto internacional y multicultural*, Granada, 23 a 25 de setembro de 2004.
  - Torrado, Berta: “A terminoloxía téxtil e as denominacións prescritivas na actualización das linguas de especialidade do galego”, comunicación presentada no *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica, Asociación Española de Estudios Lexicográficos (AELex)*, Universidade da Coruña, A Coruña, 14-18 de setembro de 2004.
  - Torrado, Berta & Veiga, Inés: “El léxico patrimonial en la comunicación especializada”, comunicación presentada no *IX Simposio Iberoamericano de Terminología*. Barcelona, 29-11 a 02-12 de 2004.
13. Manuel González González participou en Alcalá de Henares, representando Termigal, na reunión plenaria da Asociación Española de Terminoloxía, da que é vicepresidente.

- **Seminario de Gramática**, creado no ano 2000.  
Directora: D.<sup>a</sup> Rosario Álvarez Blanco.  
Financiamento: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Real Academia Galega.  
Traballos desenvolto:  
Continuáronse os traballos de redacción da Gramática Galega: elaboráronse as versións provisionais dos capítulos dedicados á fonética descritiva da lingua galega, actualizouse o capítulo referido á colocación dos pronomes átonos, realizouse unha primeira aproximación ás repercusións gramaticais dos fenómenos relacionados coa focalización e a tematización, e seguiu traballando na análise de corpus lingüísticos para a extracción de información sintáctica.
- **Seminario de Onomástica**, creado en 2001.  
Director: D. Antón Santamarina Fernández.  
Financiamento: Real Academia Galega.

## II. Sección de Historia, creada en 1998.

Director: D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Financiamento: Parlamento de Galicia e Real Academia Galega.

Traballos desenvolto:

A sección de Historia anuncia a inmediata aparición do volume de *Cartas a Murguía II (1868-1885)* en edición dos profesores X. R. Barreiro Fernández e X. L. Axeitos. Este tomo forma parte dun plan de publicación do epistolario de Murguía, en colaboración coa Fundación Pedro Barrié de la Maza. Serán un total de catro volumes, os tres primeiros dedicados ás cartas recibidas por Murguía e o cuarto comprenderá as cartas do Patriarca e primeiro Presidente da Real Academia Galega.

É de esperar que o proxecto culmine no ano 2006, e que se vexa coroado coa publicación da biografía que está a pedir a figura de Manuel Murguía. Grazas ao

epistolario poderemos chegar a coñecer certas facetas íntimas e determinadas lagoas que permanecían ocultas.

Nos próximos meses tamén se dará a coñecer un proxecto arredor da obra do ilustre avogado e profesor ourensán Juan Manuel Paz Novoa, sobre o que se está a traballar.

### III. Sección de Literatura, creada en 1998.

Director: D. Xesús Alonso Montero.

Financiamento: Real Academia Galega.

Traballos desenvolto:

A colección Letras da Academia agarda a próxima aparición do volume de Cartas de Curros Enríquez, edición ao coidado de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda.

Outro proxecto desta mesma colección, a edición da obra de Eduardo Pondal Os *Eoas*, en edición do profesor Manuel Ferreiro, cun estudo previo, en tomo á parte, de Manuel Forcadela e X. R. Pena non tardará en saír do prelo.

A Comisión de Publicacións que dirixe o profesor e académico don Xesús Alonso Montero está a ultimar un ambicioso plan de publicacións de cara á celebración do centenario da Real Academia Galega en 2006. Publicaranse unha serie de obras canónicas da nosa literatura, en edicións rigorosas ao coidado de diversos especialistas.

### Biblioteca e Hemeroteca

Creadas en 1905.

Director: D. Antonio Gil Merino

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvolto:

### Arquivo

Creado en 1905.

Director: D. Antonio Gil Merino.

Financiamento: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Traballos desenvolto:

O Arquivo da Real Academia Galega, seguindo co plan de modernización na conservación e tratamento dos seus fondos, restaurou neste ano o fondo literario de Emilia Pardo Bazán dentro dun proxecto máis amplo que abrangue tamén a súa microfilmación, da que unha pequena parte está xa feita.

Instalouse un lector-reprodutor de microfilmes na sala de lectura para facilitar a consulta dos documentos reproducidos nestes soportes.

Publicouse o catálogo do fondo literario de Emilia Pardo Bazán demostrando así o grande esforzo que está a realizar o arquivo para catalogar e difundir os seus fondos.

Realizouse un rexistro e catalogación dos fondos artísticos da RAG como primeiro paso cara ao control, exposición e ampliación da súa colección artística.

Os fondos do ARAG aumentaron grazas a diversas doazóns, entre as que destacan a documentación sindical doada por X. Gabeiras comezada no ano 2000 e continuada desde entón, a de Lola Prado Méndez coa obra de Prado Lameiro,

mais tamén grazas a unha adecuada política de compras que enche os ocos deixados polas doazóns ou busca determinados fondos de interese particular para a RAG e os seus investigadores.

No fondo da RAG organizáronse as series: actas, correspondencia, monumento a Curros, informes e ditames e toponimia dos concellos. Tamén as coleccións de pergamiños, documentos históricos e manuscritos orixinais.

No referente aos arquivos persoais foron catalogados os de E. Pondal, I. Parga Pondal, A. Eulate, Familia Fernández Morás, A. Martínez Salazar, Fernando Martínez Morás, Irmáns da Iglesia e comezouse co fondo patrimonial da Familia Pardo Bazán.

Na catalogación dos fondos fotográficos, ademais dos antes citados, hai que engadir os de E. Oviedo Arce, José Baldomir, Familia Pardo Bazán, Familia Murguía Castro, J. Naya Pérez; as coleccións de Curros Enríquez e tamén do seu monumento, os retratos dos académicos e outros persoeiros galegos, o DLG e actos académicos.

### Biblioteca e Hemeroteca

Na biblioteca levouse a cabo o seguinte traballo:

1. Rexistro informatizado das novas adquisicións e das bibliotecas particulares de Luís Seoane, Marcial del Adalid e E. Chao Espina.
2. Catalogación e informatización da bibliografía localizada en varias dependencias da RAG (Arquivo, Lexicografía, Secretaría e Casa-Museo Emilia Pardo Bazán) así como de parte do fondo xeral do 4º andar.
3. Ordenamento, reconto e recolocación dos fondos repetidos do *Boletín da Real Academia Galega* así como o tratamento informático dos datos referentes á totalidade do fondo.
4. Ordenamento da sala xeral de repetidos e tratamento informático dos datos de parte destes fondos.
5. Atención de usuarios:
  - Información bibliográfica.
  - Consulta e reprodución de fondos segundo a normativa.
  - Tratamento informático destes datos de consulta e reprografía.

Na hemeroteca leváronse a cabo as seguintes tarefas:

1. Organización e posta en marcha do fondo aberto de publicacións periódicas:
  - Reaxuste do fondo, expurgando aquelas publicacións de nulo interese para os obxetivos da Institución e incorporando outras acordos con ditos obxetivos.
  - Ordenación, rexistro e rotulado deste fondo e asentamento nunha das salas do soto (antes ocupada polo *Boletín* da RAG), a excepción dos números máis recentes de cada título, que se sitúan na sala de lectura a disposición dos usuarios.
  - Catalogación informatizada de todo este fondo.
2. Conclusión dos traballos de dixitalización de vinte e nove títulos de revista pertencentes ao fondo galego grazas a un convenio coa Fundación Pedro Barrié de la Maza.

3. Posta en marcha da sección de Hemeroteca na Web da RAG colaborando estreitamente coa Universidade da Coruña no deseño e funcionamento da mesma.
4. Atención de usuarios.

## CONVENIOS

Durante o ano 2004 a Real Academia Galega asinou unha serie de convenios de colaboración con distintas entidades, co fin de desenvolver proxectos concretos:

- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o mantemento do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en lingua galega.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para a organización da décimo quinta edición dos cursos de verán de lingua galega para estranxeiros.
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para continuar coa nova edición do dicionario da Real Academia Galega e redactar a gramática galega.
- Convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para darlle continuidade ao equipo de traballo sociolingüístico.
- Convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a informatización da biblioteca e o arquivo.
- Financiamento da edición do *Boletín da Real Academia Galega* 2003, pola Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones, S.A.
- Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e Real Academia Galega para o financiamento das actividades do ano dous mil catro.
- Acordo de colaboración entre Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín e a Real Academia Galega para contribuír ao financiamento da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Acordo entre TYVE TECHNOLOGIES e a Real Academia Galega para a utilización do Dicionario normativo da lingua galega dentro dun programa concurso da TVG e a edición dun CD multilingüe sobre xogos de palabras, chamado TELETREANDO.

## CONTRIBUCIÓN ECONÓMICAS

Ademais dos convenios asinados con institucións, tanto públicas como privadas, a RAG recibiu axudas de tipo económico para contribuír ao desenvolvemento da súa actividade diaria dos seguintes organismos:

- Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.
- Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.  
Secretaría de Estado, de Educación y Universidades  
Subdirección General de los Archivos Estatales.

## REPRESENTACIÓN DA RAG

- Consello da Cultura Galega.
- Consello de Comunidades Galegas.

- Fundación Cidade da Cultura.
- Instituto da Lingua Galega.
- Padroado da Biblioteca do Real Consulado.
- Padroado da Biblioteca Nacional.
- Padroado da Fundación Caixa Galicia.
- Padroado da Fundación Carlos Casares.
- Padroado da Fundación Castelao.
- Padroado da Fundación Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- Padroado da Fundación Luís Seoane.
- Padroado da Fundación Manuel Curros Enríquez.
- Padroado da Fundación Rosalía de Castro.
- Padroado do Museo do Pobo Galego.
- Padroado da Fundación Camilo José Cela.
- Padroado da Fundación Otero Pedrayo.
- Padroado da Fundación Manuel Puente “Cultura Gallega” de Buenos Aires.

### **PREMIOS NOS QUE A RAG TEN REPRESENTACIÓN COMO XURADO**

- Premio Antón Losada Diéguez.
- Premio das Letras e das Artes de Galicia.
- Premio de Xornalismo de Opinión Roberto Blanco Torres.
- Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo.
- Premio Antonio López Ferreiro de Investigación Humanística e Premio para Investigadores Mozos (área de humanidades) correspondentes aos Premios Galicia de Investigación.
- Premios Nacionais de Literatura do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

### **INSTITUCIÓN COLABORADORAS**

- Arquivo do Reino de Galicia.
- Caixa Galicia.
- Caixanova.
- Centro Galego de Imaxe (CGAI).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Concello da Coruña.
- Consello da Cultura Galega.
- Fundación Caixa Galicia.
- Fundación Luís Seoane.
- Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Fundación Rodríguez Iglesias.
- Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.
- Hércules de Ediciones, S. L.
- Instituto da Lingua Galega (ILG).
- Museo de Pontevedra.
- Universidade da Coruña.
- Universidade de Santiago de Compostela.

## DOAZÓNS E ADQUISICIÓNS


O 6 de marzo de 2004, D.<sup>ª</sup> Eloísa Méndez Villar, D.<sup>ª</sup> M.<sup>ª</sup> de los Dolores Prado Méndez e D. Javier Prado Méndez, nora e netos, respectivamente, de D. Javier Prado Rodríguez (Prado Lameiro), doaron un busto en xeso deste último, da autoría do grande escultor galego D. Francisco Asorey.

Así mesmo, fixeron doazón das fotocopias dos orixinais da obra de D. Javier Prado Rodríguez, comprometéndose a autorizar a consulta dos orixinais aos investigadores acreditados pola Real Academia Galega.

O 15 de abril de 2004, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre fixo doazón dun total de mil trescentos CD que conteñen os fondos hemerográficos de *La Voz de Galicia* comprendidos entre o 4 de xaneiro de 1882 e o 31 de decembro de 2002. Así mesmo, tamén fixo entrega de cincuenta e tres CD que conteñen os fondos do Museo de La Voz de Galicia.

## PUBLICACIÓNS

- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 19<sup>a</sup> ed. A Coruña: RAG; Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 2004.
- FREIXANES, Víctor F. *Desafíos para un novo século: entre a Trabe de Ouro e a paxariña de Armenteira*. A Coruña: RAG, 2004. Discurso de ingreso.
- TAVANI, G. *Unha provenza hispánica: a Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular*. A Coruña: RAG, 2004. Discurso de ingreso.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M., SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (coords.). *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)*. A Coruña: RAG; Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 2004.
- AXEITOS AGRELO, X. L. *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane*. RAG, 2004. Discurso de ingreso.
- VARELA AENLLE, C. X., [et al.]. *A herdanza da lingua: O galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*. A Coruña: RAG, 2004.





# ANTONIO TOVAR BOBILLO

## Xesús Alonso Montero

Para algúns lectores, entre os que me conto, Antonio Tovar está entre as mellores voces poéticas en galego da segunda metade do século XX. Creo, ademais, que debería figurar nas antoloxías castelás da década dos sesenta, rango a que lle dan dereito non poucos poemas de tres libros: *El tren y las cosas* (1960), *El ladrido* (1961) e *La Lanzada (Versos hacia el mar)* (1954), os tres publicados na cidade de Ourense (o último libro en castelán, *La barca*, editado en Bilbao, é de 1974).

Como poeta en lingua galega é autor destes sete títulos: *Arredores* (Vigo, 1962), *Non* (Ourense, 1967), *O vento no teu colo* (Madrid, 1974), *Calados esconxuros* (Vigo, 1980), *Berros en voz baixa* (Santiago de Compostela, 1990), *A nada destemida* (Vigo, 1991) e *Cadáver adiado* (Sada, 2001). Neste corpus non hai páxina que non sexa auténtica, e o seu conxunto enriquece o discurso poético do seu tempo pola súa orixinalidade e pola súa densidade vital.

Como en Rosalía e en Antero de Quental (e noutros poetas), as traxedias do seu vivir e os dramas da súa conciencia constitúen a materia de moitas das súas páxinas, ás veces as mellores. O drama –o gran drama último– comeza para Antonio Tovar moi novo: cando inicia os estudos relixiosos, en Salamanca, cos xesuítas. Como Curros Enríquez, advertiu, non sen problemas, a hipocrísia e a miseria moral da Igrexa, pero foi máis alá de Curros: cuestionou os deuses, que non tardou en negar. Pero, ata o final dos seus días, polemizou, dramaticamente, cos absurdos deuses herdados e coa súa terrible Igrexa. Dúas obras en prosa son expresión moi elocuente desta dura experiencia: *Diario sin datas* (Edicións do Castro, 1987) e *Diario íntimo dun vello revoltado* (Galaxia, 2001), libro que eu prologuei e que contén, como apéndice, unha carta de Ramón Piñeiro que é un sagaz comentario do primeiro libro de memorias. Non hai, na prosa memorialística galega, libros desta autenticidade e desta valentía. Nos diarios, especialmente no primeiro, hai páxinas nas que Tovar, radical sempre, expresa as razóns da súa íntima controversia coa sociedade cuxa malfectura o leva a adherirse ao marxismo. Tovar era, en efecto, un radical, un radical dos máis lexítimos: dos que van á raíz das cousas.

Poeta da intimidade radical, o seu intimismo, a cotío, como acontece con outros grandes poetas intimistas, é un intimismo revelador tamén da conflitividade histórica na que ese espírito reflexiona e sofre. Foi, tamén, poeta do vello fogar, da infancia dalgunhas cousas entrañables, do vivir de cada día. Algunhas páxinas hai nas que o noso autor fai inmersións no que, nos seus primeiros tempos, se denominaba poesía social, que nel sempre está feita desde o home que engade sufrimentos –os da inxustiza exterior– ás súas angustias, aos seus fondos desacougos e aos seus radicais escepticismos. Existe un libro. *O vento no teu colo*, subtítulo *Poemas a Tucha* (a súa muller), que non é alleo á poesía erótica, tamén moi orixinal. Entre os poemas dispersos, algúns, de contido político, pertencen ao xénero satírico. En prosa, ademais dos dous libros memorialísticos, antolóxicos, sen dúbida, publicou un excelente –e tovariano– volume de relatos: *A grande ilusión e outros contos* (Galicia, 1989).

Antonio Tovar pertencía á nosa institución, como Académico correspondente, desde o 29 de xaneiro de 1984, e, como Académico de Honra, desde o 15 de marzo de 1997. Requirida a nosa corporación, no ano 2002, para propoñer un representante dos poetas galegos para optar ao Premio Reina Sofía de Poesía Iberoamericana (na súa undécima edición), a Academia, por unanimidade, designou a don Antonio Tovar Bobillo, en quen, meses despois, non recaería o premio.

Nos últimos anos non escribía. Non lle era posible pola extrema precariedade da súa saúde física e pola depresión que lle causou a morte de Antonia Mirayo Pérez, a súa muller, a Tucha de *O vento no teu colo* (1974). Aínda así, un admirador da súa obra, o xornalista Xosé Manuel del Caño, con moita paciencia e con moito agarimo, foille arrincando declaracións e declaracións durante varios meses, de abril do 2002 a febreiro do 2003. Esas entrevistas figuran hoxe no volume *Conversas cun vello revoltado* (Galaxia, 2005). Nesas *Conversas* está Tovar de corpo enteiro

A Antonio Tovar, a este poeta angustiado, a este cidadán tantas veces conmocionado e doído, acáelle, como a ninguén, o vello epitafio clásico: *Sit tibi terra levis*.



## ANTONIO MEIJIDE PARDO

### Xosé Ramón Barreiro Fernández

O académico numerario D. Antonio Meijide Pardo (Barco de Valdeorras, 1917 – A Coruña, 2004) fôisenos co mesmo silencio no que decidira vivir. Traballou ata poucos días antes da súa morte e sobre a súa mesa quedaron as fichas preparadas para o próximo artigo que xa non puido rematar.

Catedrático de Xeografía e Historia no Instituto Eusebio da Guarda (A Coruña) ata a súa xubilación, amosou sempre entusiasmo polo ensino e paixón pola investigación.

Iniiciouse como xeógrafo con catro libros: sobre a economía da URSS (1952), sobre Brasil como a gran potencia económica do século XXI (1956), a emigración galega intrapeninsular (1960) e o estudo xeoeconómico do complexo industrial da Grela (A Coruña) (1962). Un relatorio sobre a refinería de petróleo da Coruña, que presentou no XX Congreso Internacional de Zaragoza (1964) puxo fin á súa dedicación xeográfica. A partir deste momento toda a súa investigación foi xa histórica.

A súa obra investigadora e de divulgación histórica concrétese en vinte libros e cento dez artigos que se poden clasificar nos seguintes apartados:

- A economía galega de transición entre o Antigo Réxime e a modernidade e a protoburguesía galega. Destacamos, entre outros, os seguintes traballos: *Correos marítimos entre Falmouth y La Coruña* (1996), *Economía marítima de la Galicia Cantábrica en el siglo XVIII* (1971), *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos* (1979 e 1993), *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la ría de Arosa (1780-1830)* (1973).
- Estudos sobre a Ilustración Galega (pensamento económico, institucións, protagonistas). Ademais do extraordinario libro *Escritores e autores na Galicia da Ilustración* (1982) no que recuperou dúcias de pensadores ilustrados de Galicia, publicou monografías sobre o ilustrado Jacobo María de Parga y Puga (1992), sobre o Conde de Maceda, D. Juan José Caamaño y Pardo (2001), sobre o periodista Pardo de Andrade etc.
- Historia política con monografías sobre *Sinforiano López, pionero del liberalismo* (1995), *Piñeiro de las Casas, liberal gallego* (1975), biografías de Pita de Veiga, Romay etc. E o libro *La invasión inglesa de Galicia en 1719* (1970).
- Historia local da cidade da Coruña e de vilas como Pontedeume, Betanzos, Valdeorras etc. Os artigos sobre a historia local da Coruña apareceron recompilados na obra *Temas y personajes de la historia coruñesa contemporánea* (1997).
- Historia da Medicina. Na revista *Medicina Galaica* publicou moitos artigos sobre a introdución da vacina contra a varíola, a incidencia do cólera, a hidroloxía médica, o intrusismo médico e outros temas.

Son varias as características que definen a historiografía de Meijide Pardo: en primeiro lugar, sempre tivo o empeño de recuperar para a historia personalidades e temas inexplorados. Por iso cada libro e cada artigo de Meijide constitúen novidades. En segundo lugar, a utilización dunha documentación arquivística practicamente exhaustiva. Cada investigación está avalada por un aparato documental, por unha información de primeira man que sustenta cada afirmación. En terceiro lugar, Meijide Pardo refuga de toda polémica, xamais crítica un historiador. O feito de silenciar un nome ou de prescindir dunha cita era o único indicio do seu desacordo, pero a crítica non pasaba de aí. En cuarto lugar, e posiblemente por influencias dun neopositivismo utilitario que recomenda prescindir en historia da ideoloxía sustentadora do discurso e chegar alí a onde chega a literalidade do documento, os seus traballos carecen da ancoraxe no tempo histórico no que se produciron pero, en troques, garanten o feito histórico. Por iso cada traballo de Meijide é unha fermosa obra de artesanía onde se perfilan, polo miúdo, todos os trazos do artesan.

Meijide foi coñecido e respectado en todos os arquivos de Galicia, nos que pasou a metade da súa vida. A súa dilixencia no manexo dos protocolos notariais, dos procesos xudiciais, das contas e facenda, das matrículas municipais, dos atados aínda non catalogados e que conteñen unha varia miscelánea histórica, e mesmo a fortuna que case sempre acompaña os dilixentes, proporcionáronlle unha información novidosa que utilizou nos seus traballos.

Pero Meijide non reduciu as súas pescudas aos arquivos das cidades e vilas galeas. O Arquivo de Simancas era para o noso historiador coma unha segunda casa. O vello catálogo deste arquivo esplén-

dido era unha guía para Meijide, pero unha guía tan corrixida, revisada, ampliada, e cunha miúda corrección de erros, que testemuña o coñecemento persoal que tiña do arquivo.

Case todos os arquivos centrais foron visitados reiteradamente por Meijide: o Arquivo Histórico Nacional, o Arquivo de Protocolos de Madrid, o de Facenda, o da Real Academia da Historia, o Xeral da Administración de Alcalá, o das cortes, o do Senado, o Militar de Segovia etc.

Estes arquivos que, ás veces, non son máis que grandes almacéns de papel, pesivamente catalogados (na investigación que fixemos no A. M. N. para o estudo dos afrancesados galegos, puidemos comprobar que máis do 70% dos atados rotulados como afrancesados, nada tiñan que ver co tema), a dilixencia de Meijide e a fortuna permitíronlle obter deles pezas de extraordinaria riqueza histórica.

Cando a necesidade o requiría, por exemplo para estudar o cerco da Coruña en 1823 ou para perseguir os exiliados galegos, Meijide recorreu aos arquivos estranxeiros, de París e Londres e ás hemerotecas destes países como o testemuñan as citas que prodiga nas súas investigacións.

Foi tamén Meijide un cultivador obsesivo da investigación individual e, por iso, sempre refugou participar en traballos colectivos, constituíndo o libro *Vigo en la Historia*, no que participa, unha das contadísimas excepcións.

Consideraba a vida social unha perda de tempo, agás o cine e o fútbol, fuxía da publicidade, non concedía entrevistas, pero estaba atento á evolución da sociedade e do mundo cos que mantiña unha estudada distancia.

Galicia recoñeceu e valorou a súa obra histórica; *La Voz de Galicia* deulle o premio Fernández Latorre, a Xunta de Galicia outorgoulle a Medalla Castelao, máxima condecoración do noso país, o Estado impúxolle a Cruz de Alfonso X el Sabio, Brasil condecorouno coa Orde Nacional do Cruceiro do Sul.

Pertenceu a diversas institucións culturais de Galicia: Instituto P. Sarmiento, Instituto Cornide e foi Académico Numerario da Real Academia Galega. Tamén foi correspondente da Real Academia de Historia, membro da Academia Iberoamericana de Historia Postal, da Real Sociedade Económica de Madrid, da Real Sociedade Xeográfica e Madrid, da Sociedade de Xeografía de Lisboa etc.

Cando fun elixido Presidente da Real Academia Galega, Meijide Pardo estaba xa moi gastado polos anos, pero nunca me faltou o seu sabio consello cantas veces acudín a el nin o seu apoio institucional. Non esquecerei xamais que foi el, e D. Xosé Filgueira Valverde, quen máis empeño puxeron para que eu formase parte, como académico numerario, da institución que hoxe presido.





# MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO

Darío Xohán Cabana Yanes

O día 6 de setembro do ano 2004 finou na Coruña, onde residía desde había varios anos, o poeta Manuel María, gloria das nosas letras e membro numerario da Real Academia Galega.

Manuel María Fernández Teixeiro nacera o 6 de outubro de 1929 na pequena vila labrega de Outeiro de Rei, nas beiras da Terra Chá, ó carón do Miño, no seo dunha familia de agricultores podentes, a casa de Hortas, con moitas e boas terras de cultivo directo e algunhas rendas. Seu pai, Antón Fernández Núñez, foi alcalde do concello, e súa nai, Pastora Teixeiro Casanova, procedía doutra gran casa labrega, o casal de Vilanova, nunha parroquia á outra banda de Lugo, hoxe denominada oficialmente San Mamede dos Anxos, pero ata hai pouco coñecida polo fermoso chamadoiro de San Mamede dos Cucos que xa ostentaba na Idade Media.

Foi Manuel María o máis vello de catro irmáns: viñeron despois Xosé María e Antón María, que lle sobreviven, e Xesús María, que morreu de accidente na adolescencia. Segundo a tradición familiar, el sería o chamado a continuar a labranza como vinculeiro, mentres seus irmáns se colocarían noutras profesións empresariais, eclesiásticas ou liberais; porén, as cousas sucederon ó revés, e Manuel María fixo o ingreso no bacharelato. Morto seu pai poucos días despois, foi vivir a Lugo con seu tío cura Xosé Fernández Núñez, párroco de San Froilán e fundador da igrexa da Milagrosa, doutor en Teoloxía e licenciado en Filosofía e Letras. Este home culto e de carácter severo marcou, con luces e sombras, a súa adolescencia e primeira xuventude.

Estudou Manuel primeiro nos Maristas, e no quinto curso pasou ó Instituto. Daquela coñeceu a Uxío Novoneyra, que foi un dos seus máis grandes amigos da mesma idade, e a Luís Pimentel, Ánxel Johán, Celestino Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Rof Codina, Carballo Calero... No ambiente de resurrección cultural que latexaba en Lugo naqueles tempos, o noso poeta creou canda outro amigo novo, Manuel Antonio Sopena, a revista poética *Xistral*, da que só saíron dous números en 1949, pero que se cita como un fito no rexurdimento literario galego na longa noite de pedra. No ano 2000, de acordo con Manuel María, o Concello de Lugo resucitou a revista que, con maior volume e periodicidade anual, alcanza agora o número 8.

No ano 1950 a benemérita colección Benito Soto publica o seu primeiro libro, *Muiñeiro de brétemas*: outro novo fito, este máis importante, pois era o primeiro libro en galego dun escritor xurdido despois da Guerra Civil. Desta maneira, Manuel María encabeza historicamente a que nós chamaremos Xeración dos Cincuenta, a Grande Xeración, a gloriosa constelación que puxo o seu xenio e a súa enerxía militante ó servizo da resurrección das letras galegas feridas de morte pola ditadura fascista, e que acabou de conformar a estrutura esencial do edificio da Literatura Galega moderna tal como hoxe a percibimos.

Seu tío cura pretendía facelo avogado, e negouse rotundamente a facilitarlle os estudos de Filosofía e Letras que el mesmo cursara e Manuel María desexaba. Irredutibles os dous, o Manuel intentou facer a súa carreira por libre; despois contaría, cun humor non exento de pesar, como fracasara no seu empeño: «Suspendín ata en Literatura!»

Entrado en quintas, Manuel coincidiu de novo no campamento de instrución de Parga co Novoneyra; pero cumpriu a maior parte do seu servizo militar en Compostela, tamén canda Novoneyra, con certa comodidade, pois foi encargado de impartir aulas ós seus compañeiros analfabetos. Alí tratou a Fermín Bouza-Brey, a Cabanillas, a Borobó, a Otero Pedrayo, a García-Sabell, a Ramón Piñeiro e a Carlos Maside, ós que sempre lembrou con grande afecto persoal. Quizabes a súa relación máis fonda fose con Otero, e sobre todo con Carlos Maside, de quen, segundo contaba, recibiu as primeiras ideas do marxismo que o pintor profesaba.

De novo en Lugo, para encarrear a parte material da súa vida e animado por Celso Emilio Ferreiro, Manuel María empezou a facer os estudos e as prácticas para procurador dos tribunais. En 1956 coñeceu a Saleta Goi García, nacida na Pastoriza, tres anos máis nova ca el, muller de gran beleza, intelixencia e carácter. En 1958 Manuel trasladouse a Monforte de Lemos, onde colaborou na emisora local, popularmente coñecida como Radio Aquilino, e deu clases nunha academia. En 1959 matriculouse como procurador e casou coa Saleta. En Monforte viviron os dous toda a súa vida laboral, ás veces non sen penurias económicas, sobre todo até 1970, ano en que abriron a librería *Xistral*, que atendeu principalmente Saleta, e que foi probablemente a mellor librería vilega que teña habido en Galiza.

Á altura de 1970, Manuel María estaba xa consagrado como unha das máis importantes figuras literarias de Galicia. A *Muiñeiro de brétemas* seguiron outros dous libros de poemas de carácter exis-

tencialista, encuadrables tamén na ben chamada Escola da Tebra: *Morrendo a cada intre* (1952) e *Advento* (1954). O terrible *Libro de pregos*, talvez o libro de poesía relixiosa máis estremecedor e angustioso da nosa Literatura, escribiuno en 1951, inducido pola morte trágica de seu irmán Xesús; mais non quixo que se editase ata 1962 por respecto a seu tío crego, que lle pediu que non o publicase en vida del.

Pero o pulo poético de Manuel María foi o máis multiforme das nosas letras, e desde moi axiña percorreu variadas vereas con radical autenticidade.

En 1954 publicou a primeira versión do *Terra Chá*, libro que se ten inserido con excesiva lixeireza –e con excesiva modestia polo seu autor– na escola de Noriega Varela e Crecente Vega, estimables poetas, ó noso parecer sobre todo o segundo, pero que non alcanzan a fonda visión humana da terra nativa deste noso que, con outra simplificación ben intencionada, ten sido e é chamado “o poeta da Terra Chá”. Libro paralelo a *Os eidos* de Novoneyra –precedentes os dous, polo menos en semente, da súa camaradaxe no campamento militar de Parga–, o esqueleto esencial do *Terra Chá*, aínda sendo distinto, é lexítimo irmán do que informa o poemario do courelao.

En 1958 apareceu *Documentos personaes*, breve libro de procurado prosaísmo que en boa parte anuncia o espírito de denuncia social do *Longa noite de pedra* de Celso Emilio, publicado catro anos despois e saudado polo Manuel con entusiasmo: “un libro excepcional”, titulaba a súa recensión. Un dos poemas dos *Documentos...*, o titulado *Gacetilla Literaria*, é un conciso e agora melancólico retrato da difícil empresa de restauración das letras galegas, no que entre outros son citados os seus compañeiros de xeración: Cuña Novás, Novoneyra, Luz Pozo, Xohana Torres, Mourullo, Ferrín, Franco Grande, Ramón Lorenzo... Nesta altura, Manuel María abandonara xa o bilingüismo inicial para practicar durante toda a súa vida unha rigorosa fidelidade á lingua patria.

Séxanos lícito lembrar aquí que a segunda edición de *Documentos personaes*, feita en 1970, leva un pequeno e inepto limiar de quen isto escribe...

En 1963 sae á luz *Mar maior*, libro de longa elaboración, moitos de cuxos poemas foran publicados xa en xornais e revistas. Trátase dun libro maior da nosa poesía, no que conflúen varios dos ríos líricos do Manuel María, e contén algúns dos seus máis fermosos poemas, entre eles a *Carta a Luís Pimentel*, suave e conmovida elexía candidata á eternidade.

Unha mestura de militancia cultural, de amor polos nenos que non tivo de seu e de xenio poético lanzal e cantareiro informan *Os soños na gaiola* (1968), que se mantén como unha xoia senlleira da poesía escrita para nenos, unha das máis fermosas –se non a máis– da lingua galega.

*Proba documental* (1968) continúa e afonda na liña de denuncia social iniciada en *Documentos personaes*; pero son outros dous libros, publicados os dous en 1969, e naturalmente por editoras de Buenos Aires e Montevideo, os que conteñen a máis radical poesía de denuncia que o noso poeta compuxo por aqueles anos. *Versos pra un país de minifundios*, prologado por Méndez Ferrín, é un libro doente en verso libre, escrito nun estilo profético que lembra Isaías, citado na carauta e tan lido e remoido polo Manuel ó longo de toda a súa vida. *Versos pra cantar en feiras e romaxes* é a outra cara do mesmo poeta nacional: a diatriba brutal, a desmitificación violenta, cun uso maxistral das posibilidades bufas da rima rara e do ripio macarrónico, compoñen unha imaxe cruel e estarrecente da Galiza esmagada e fea do franquismo. Na nosa opinión, a cáustica e apaixonada sátira deste libro xenial tan só se pode comparar nas nosas letras coa salvaxe beleza d’O divino sainete.

En 1970 saíron do prelo as *Cancións do lusco ó fusco*, que estilisticamente están na mesma liña que o libro anterior, aínda que entre elas se contan tamén algúns ásperos poemas de duro lirismo persoal, nos que coidamos percibir certos ecos de François Villon, un dos poetas máis amados polo Manuel María, que fixo unha tradución del ó galego para o seu uso persoal e mais o dalgúns amigos entre os cales tivemos o gozo de contarnos.

*Remol*, publicado tamén no ano 70 en Buenos Aires, é un libro misceláneo do tipo de *Mar maior*, escrito entre 1963 e 1968, que participa da poesía íntima e da poesía civil; nel figuran poemas como o maravilloso *Ollos de nenos* ou o celeberrimo *Acuso á clase media*, un dos textos máis feroces, máis eficaces e máis invocados no combate antifranquista daqueles anos. Un dos nosos máis queridos tesouros é un exemplar dese libro cunha *Cantiga de amigo pró poeta D. X. C.* manuscrita polo Manuel na segunda folla a modo de dedicatoria, que nunca vimos impresa.

En 1969, a colección Adonais publicou en edición bilingüe unha *Antoloxía poética*. *Escolma poética* de Manuel María, preparada por Basilio Losada. Naquela altura, os seus poemas xa figuraban en diversas antoloxías, como as preparadas por Benito Varela Jácome, Francisco Fernández del Riego, Ramón González Alegre, Basilio Losada Castro, Xesús Alonso Montero... Algúns poemas de *Remol* foron editados, ditos pola voz do poeta, nun disco de Edigsa/Xistral en 1968, e o *Acuso á clase media* e outros textos de denuncia e combate eran escoitados con entusiasmo nos medios obreiros e estudantís antifranquistas. Que este disco pasase a censura foi un verdadeiro milagre, obra xenial de Manolo Conde Ramírez, o bo toledano galeguizado, que lle fixo crer a un censor particularmente imbécil que o nome “Manuel María” era... un pseudónimo de Afonso X o Sabio.



Tamén como narrador tiña percorrido Manuel María un bo treito de camiño en 1970. Xa en 1952, un ano despois de *A xente da Barreira* de Carballo Calero e un ano antes de *Á lus do candil* de Fole, publicara un libro de relatos, *Contos en cuarto crecente e outras prosas*, que comparte con *Muiñeiro de brétemas* condición auroral: é o primeiro libro de narrativa en galego publicado por un escritor xurdido despois da guerra. Algúns destes relatos publicáranse xa antes no terceiro caderno da Colección Grial. Bastante máis tarde xa, nos números 9 (1965) e 14 (1966) de *Grial* transformada en revista, saíran dúas nove-liñas curtas, *As augas van caudales* e *Os alugados*, ambas e dúas, e sobre todo a primeira, portadoras de dura denuncia social e política. Manuel María seguiu practicando a narrativa toda a súa vida, aínda que sempre nun segundo plano.

Se non nos trabucamos, tamén foi Manuel María, se non o primeiro, un dos primeiros autores novos en publicar unha obra teatral despois da guerra: o breve *Auto do mariñeiro*, de estirpe gilvicentina, saíu na revista *4 Ventos* de Braga en 1957, con separata, o mesmo ano que foi impresa a obra de maior empeño de Franco Grande *Vieiro choído*. Seguirían o *Auto do labrego* e o *Auto do mariñeiro* en 1961, e en 1968 unha peza máis longa, *Barriga verde*, destinada a unha gran fortuna. Se a narrativa foi sempre secundaria para o Manuel, o teatro seguiu estando sempre no centro do seu interese, tanto o escrito intencionalmente para nenos como as farsas longas e as obras de carácter épico con que contribuíu, dun xeito talvez aínda mal recoñecido, ó corpus do teatro nacional. Como tradutor, cumpriu tamén coa tarefa de espallar o teatro galego fóra das nosas fronteiras facendo a versión castelá *d'Os vellos non deben de namorarse* que publicou a prestixiosa revista *Primer Acto* en 1970, nun número especial.

Deixando á parte o seu intenso labor xornalístico, Manuel María publicou desde cedo importantes estudos críticos e literarios, como as *Notas encol da poesía de Fermín Bouza-Brei*, en 1958, neste mesmo *Boletín* que agora tingué de loito o seu nome; *A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro*, no núm. 6 de *Grial* (1967); *Raimon, poeta do noso tempo*, en *Grial*, núm. 18; ou a extensa e fundamental *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega*, publicada pola Facultade de Letras da Universidade de Coimbra en 1968.

Se insistimos tanto no 1970 como data é porque á altura dos seus corenta anos, e despois de vinte de traballo literario, Manuel María xa tiña unha obra ampla e variadísima que o consagraba como un grande escritor e como un auténtico poeta nacional, e tamén porque a inmensa actividade que desenvolveu, mesmo con máis intensidade aínda, nos trinta e cinco anos que lle quedaban de vida fai imposible para nós calquera resumo. Unha simple enumeración da súa obra excedería os límites naturais destas páxinas, e impediríanos falar, sequera moi brevemente, doutros aspectos da súa entrega á causa nacional de Galiza.

É natural que nos anos negros da Ditadura a actividade literaria na lingua odiada polo fascismo español se confundise coa actividade política antifranquista; é natural que as dúas se confundisen, ou se fundisen, porque ser eran en gran parte a mesma cousa. Manuel María venciouse desde a primeira mocidade con importantes persoas republicanas e galeguistas que mantiñan aceso o lume sagrado e o transmitían, cada cal á súa maneira, á mocidade: Anxel Johán, Luís Pimentel, Anxel Fole, Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega en Lugo; García-Sabell, Bouza-Brey, Borobó, Piñeiro, Maside, o mestre patriarcal Otero en Santiago. Non obstante, unha vez cumprida a súa primeira formación, os novos voan xa pola súa conta: son o Antón Moreda, o Ferrín, o Reimundo Patiño, a Queizán, o Bautista Álvarez, o Bodaño, o Fontenla, o Franco Grande, o Cribeiro, o Arxona... Pero o Consello da Mocidade rachou dolorosamente, e Manuel María, como é ben sabido, acabou rompendo radicalmente con Piñeiro e o piñeirismo, e ó fundarse a UPG ingresou nela. A súa actividade política, desenvolvida fundamentalmente no eido cultural, produciuse dentro da órbita deste partido, non só ata 1985, ano en que se deu de baixa formalmente, senón tamén despois até a súa morte.

Manuel María foi primeiro unha das principais referencias culturais da UPG, e a partir das dolorosas escisións e purgas que culminaron en 1977, a referencia principal sen máis do que seguiu chamándose UPG e AN-PG, do BN-PG e do novo BNG. O seu activismo cultural foi enorme desde os anos 60, participando en centos de xuntanzas, clandestinas ou non, pronunciando conferencias e dando recitais, dentro do vasto sistema de axitación, propaganda e captación política a través das inquedañas culturais que se denominou Frente Cultural Galego, composto por unha constelación de asociacións e grupos informais espallados por toda Galiza e polos centros máis importantes da emigración.

Así, no franquismo e no postfranquismo, Manuel María foi unha das máis brillantes e sedutoras bandeiras de enganche do nacionalismo. Viaxeiro incansable, a bandeira ondeou por todas as cidades e vilas e por centos de aldeas do país que percorría e esculcaba con amor inmenso, e tamén polas terras de América e de Europa onde a nosa xente se espallaba. Centos de homes e mulleres, de mozas e de mozos, escoitábanlle ó Manuel falar de Galiza, do seu pobo e da súa lingua, da súa historia e da súa cultura, dos seus problemas e das súas aspiracións, e sentían dentro de si medrar e levedar o amor patrio que os levaría á militancia, partidaria ou non partidaria, polas cousas de nós. O seu maxisterio, por outra banda, non só se producía na tribuna formal, senón tamén, e moi principalmente, na conversación persoal. Centos ou milleiros de persoas temos acudido a Manuel María como a un mestre bo e paciente que cunha prodigalidade increíble nos facía o agasallo do seu tempo para ilustrarnos, para guiar-

nos, ou simplemente para confortarnos. Isto facíao, como ben saben os que o coñeceron, dunha maneira natural e irremediabilmente xenerosa, e con calquera que se achegase a el, pois o Manuel era constitucionalmente incapaz de facer aquilo que na Epístola de Santiago se chama *personarum acceptio*, ou distinción entre as persoas pola súa importancia aparente: unha das máis fermosas entre as súas innumerables virtudes era a de ter a igualdade non só como unha crenza senón como unha actitude íntima inconsciente.

Outra das actividades patrióticas máis importantes de Manuel María foi o seu labor como editor heroico. Xa mencionamos a revista *Xistral* que fundou en 1949, e que lle custou unha grave creba económica. Pouco despois, ás escondidas do severo tío cura que pagara a débeda, emprendeu con Ánxel Johán a colección de poesía do mesmo nome, que entre 1952 e 1955 publicaría seis pequenos volumes en tiradas minúsculas, pero importantes coma estrelas na negrura da época. Ningún foi da súa autoría: eran de Carballo Calero, de Ramón Cabanillas, de Casado Nieto, e os primeiros libros en galego de Luz Pozo Garza e de Pura Vázquez...

Xa independizado e en Monforte, e tamén baixo o nome amado de Edicións Xistral, que inventara Pimentel, creou a Colección Val de Lemos, inaugurada en 1968 cun libro de versos de Lois Diéguez. No panorama editorial daqueles anos, non que Galaxia tiña as súas opcións e Castrelos e as Edicións do Castro non publicaban poesía nova, Val de Lemos encargouse dalgúns libros que doutro xeito terían difícil edición. A colección chegaría ó número 12, e publicaría títulos do propio Manuel María, de Celso Emilio Ferreiro, de Neira Vilas e de Bernardino Graña, e os primeiros poemarios de Margarita Ledo Andión, de Fiz Vergara Vilarinho ou de quen isto lembra con saudade. Baixo o selo Edigsa-Xistral saíron ademais a maior parte dos discos da Nova Canción Galega.

A disciplinada militancia partidaria tivo para Manuel María consecuencias graves; mais non nos referiremos á represión, nin ás desastrosas influencias das loitas internas do nacionalismo nalgúns relacións persoais moi fondas, nin ós sucesos que en certas épocas lle fixeron difícil a vida laboral e social en Monforte, senón ás consecuencias para a imaxe pública do escritor. Durante bastantes anos, a súa condición case que de “poeta oficial” da UPG, e das organizacións políticas, culturais ou sociais que a UPG inspiraba, fixo que moitos escritores e críticos menosprezaran a súa obra, que probablemente non se molestaran, polo menos nalgúns casos, en ler a fondo e sen prexuízos.

Creemos que nunha obra tan extensa ten que haber, case por forza, momentos pouco felices: é o que tamén sucede en Cabanillas, ou, por irmos máis lonxe, en Pablo Neruda. Pero a lectura do conxunto da poesía do Manuel deixa, por riba de caídas ou imperfeccións puntuais, a sensación do xenio torrencial e multiforme que se substancia nun corpus esencial moi amplo destinado a permanecer como un dos cumes da nosa literatura nacional. Nos últimos anos da súa vida, felizmente para os seus amigos, as críticas acerbas ou negacións sectarias deixaron paso a esta verdade, que se foi impoñendo case universalmente. A edición da súa poesía completa en dous grosos volumes impresos no 2001 confirmou visiblemente o Manuel como un dos grandes poetas galegos de todos os tempos. A súa narrativa, aínda sendo menor, non carece de interese, e na súa obra dramática hai moitas pezas de extraordinaria beleza. De por parte, a súa extensísima obra xornalística merecería a fortuna editorial póstuma que tivo a de Otero Pedrayo ou a de Cunqueiro: variada e amena, intelixente e cordial, constitúe unha crónica preciosa da cultura galega, no sentido máis amplo, durante medio século, e especialmente nos tres últimos decenios.

O recoñecemento xeral, as homenaxes máis calorosas, chegaronlle ó final do seu camiño, na Terra Chá, onde a súa figura é case mítica, e en toda Galiza. Despois dunha longa relación de amor e desamores puntuais coa Real Academia Galega, foi elixido membro numerario, e ingresou nela en xunta extraordinaria pública e solemne celebrada en Vilalba o 15 de febreiro do ano 2003, cunha asistencia multitudinaria. Contestoulle en nome da Academia o seu vello amigo e camarada Xosé Luís Méndez Ferrín, curando así definitivamente outras feridas que as terribles asperezas do combate político tiñan aberto noutro tempo.

Manuel María foi un home dunha gran bondade, que certamente non excluía estoupidos de cólera, case queremos dicir de ira sagrada, cando vía agredidas as súas máis firmes conviccións. Esta bondade derivaba dun amor irremediable polas persoas, un amor nada abstracto que o empurraba cara á comprensión afectuosa, cara á compaixón, cara á tenrura e a suavidade. Nas moitísimas horas e días que tiveimos a felicidade de compartir con el, ficamos especialmente marabillados por dúas das máis atractivas particularidades do seu carácter: unha curiosidade cordial e agarimosa pola vida de todas as persoas que coñecía, e unha capacidade case milagrosa de conversar e facerse querer polos que el chamaba “toliños”, os diminuídos psíquicos que adoraban aquel señor tan intelixente que os trataba de igual a igual, e non por deliberación, senón dun xeito que lle era natural e espontáneo. A primeira destas virtudes fala ben da bondade que dixemos; a segunda parécenos que é propia xa desa nobreza radical e indefinible que ás veces se chama santidad.

Escribimos estas liñas interrompendo a escritura do discurso co que nos dispoñemos a tomar posesión da cadeira que Manuel María deixou vacante na Academia, para a cal as señoras e señores académicos seus colegas tiveron a grande e delicada xenerosidade de elixir este seu discípulo, outorgándonos

así a honra máis dolorosa e alta que podíamos recibir. Hai poucos días fixo un ano que o Manuel nos deixou; el foi gran parte da luz que alumina a nosa vida. O outono vai chegando tamén para nós, e o corazón échese de melancolía, e dunha inmensa gratitude.